



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZASETE DE MARZO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (/24/02/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don Manuel Alborés Cabo. (Expediente número 2022/U026/000007)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Alborés Cabo para melloras de aforro enerxético na envolvente dunha vivenda unifamiliar, en Pousada de Abaixo, 15 – Vedra, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data xaneiro de 2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000804300NH43E, emprazada en Pousada de Abaixo, 15 (Vedra), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, asinada por Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data xaneiro de 2022, e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de catrocentos corenta e seis euros con cincuenta e sete céntimos (#446,57#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.2.- Comunicación de obra de don David García Boquete. (Expediente número 2022/U026/000011)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don David García Boquete para construción de peche de parcela, de aproximadamente 77 metros de largo, con base de bloque, revestido e pintado, sen superar os 1,50 m. de alto, e con postes e arame ata unha altura máxima de 1,80 m. O peche farase con respecto aos lindes norte e leste da parcela.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090F50100016, emprazada en Romarís – San Xián de Sales, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (n-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e un euros con un céntimo (#71,01#).

2.3.- Comunicación de obra de don Manuel Louzao Rivadulla. (Expediente número 2021/U026/000050)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Louzao Rivadulla para construción de peche de parcela con base de pedra de aproximadamente 50 cm. de alto, postes e arame ata unha altura total de 1,80 m. A lonxitude será de 100 metros.

Dáse conta da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, REGAGE21e00009246240 e de data 25/08/2021, por afectar as actuacións á estrada N-525, P.K.: 321.700 – 321.800, marxe: D, que establece condicións particulares.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 8766101NH4386N, emprazada en Vista Alegre, 1 – Ponte Ulla en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como finca singular en solo urbano (U-4), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, visto o contido do expediente, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ao disposto na autorización sectorial emitida.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e nove euros con oitenta e nove céntimos (#89,89#).

2.4.- Comunicación de obra de dona María Carmen Raíndo Villaronga. (Expediente número 2021/U026/000083)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Carmen Raíndo Villaronga para rehabilitación de vivenda nos termos da documentación técnica que se achega, asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 03/09/2021.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 09/02/2022,(expediente: 2586/21), que conclúe: “Autorizar as obras de rehabilitación solicitadas coa condición que figura no informe dos servizos técnicos:...Tratase de obras de mantemento, consistentes en levar a cabo a actuación de substitución de tella na cuberta, substitución de carpintería exterior e limpeza, encintado e reparación do cerramento da vivenda. A actuación que se pretende realizar non altera a distribución actual nin o volume da vivenda. As carpinterías serán de madeira de castiñeiro. Esta actuación non semella ter repercusións negativas sobre o contorno do ben obxecto de protección, non obstante o anterior os parteluces das fiestras non poderán ser interiores aos vidros, debendo dispoñerse ao xeito tradicional, en consecuencia infórmase favorablemente a solicitude achegada coa condición anteriormente exposta.”.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001402600NH43F, emprazada en Reboredo – Ponte Ulla (Vedra), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos Núcleos Rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, á autorización outorgada polo Servizo do Patrimonio Cultural e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento corenta e nove euros con sesenta céntimos (#149,60#).

2.5.- Comunicación de obra de don Manuel Caneda Fernández. (Expediente número 2021/U026/000114)

Dáse conta da comunicación de obra presentada por don Manuel Caneda Fernández para rehabilitación de vivenda consistente en renovar a tella da cuberta, colocando nova tella do país. Superficie aproximada en planta 128 m².

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002303200NH43F, emprazada en Outeiro, 14 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais, (N-1) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, visto o contido do expediente, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos euros con oitenta céntimos (#200,80#).

2.6.- Instancia núm. 202299900000056 de don Juan Armada Diez de Rivera. (Expediente núm. 2022/U022/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de reconstrución de muro de pedra perimetral, de aproximadamente 22 metros, en cachotería de pedra, na zona linde do pazo con camiño veciñal que une as estradas AC-241 e a CP-8902 en Ortigueira, 1 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2022/U022/000004), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección patrimonial, artística ou histórica. R-8”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación achegada e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001801800NH43F.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 04/03/2022 (expdte.: 301/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM “coa condición de que os traballos de execución dos tramos de muro se executen coa mesma técnica tradicional (pedra seca). Lémbrese que en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a esta Xefatura Territorial, unha memoria final que conterá fotos comparativas do estado inicial e final”.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de un ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación achegada e aos datos comunicados, tendo en conta o disposto na autorización emitida pola Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e oito euros con corenta céntimos (#78,40#)

2.7.- Instancia núm. 202199900000491 de Unión Fenosa Distribución, SA- Gas Naturgy –UFD (Expediente núm. 2021/U022/000023)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad , S.A, solicita licenza para actuacións para subministro eléctrico a vivenda cunha liña de baixa tensión subterránea con inicio en paso aéreo a subterráneo e cunha canalización de 1 metro en Reboredo – Ponte Ulla (Vedra) (expediente núm.: 2021/U022/000023), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais (N-1), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 421,90 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 16/02/2022 (expdte.: 2548/21), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Alejandro Fernández Reza e de data 12/07/2021.
- Terase en conta o contido do informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Deberá repoñerse o pavimento nas condicións existentes.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2. 8.- Instancia núm. 202299900000049 de dona María Luisa Canicoba Pacheco. (Expediente núm. 2022/U024/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para actuacións de recheo con terra vexetal da finca 246-2 da concentración parcelaria de Sales-Illobre (Vedra) en Viñopequeno – San Andrés de Illobre, para a mellora da capacidade produtiva da mesma, (expediente núm.: 2022/U024/000001), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. (R-2)” e “Solo rústico de especial protección forestal. (R-3)”, segundo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Jorge Couceiro Dorelle, en calidade de Enxeñeiro Técnico Forestal, que cumpre, dende o punto de vista técnico, o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50202011.

Dáse conta do informe do Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural de data 17/02/2022, con respecto do solo cualificado como de protección forestal.

Dáse conta do informe da Consellería do Medio Rural de data 21/02/2022, con respecto do solo cualificado como agrícola.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 28/01/2022.

Deberase xustificar por escrito o cumprimento do contido dos informes emitidos polo Servizo de Montes e pola Consellería do Medio Rural, que se remitirán xunto coa notificación do presente acordo.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil dezanove euros con oitenta e nove céntimos (#1.019,89#)

3º.- Cambio de titularidade de licenza de café-bar.

Dáse conta da declaración responsable achegada por don óscar Saavedra Souto de cambio de titularidade de licenza de café-bar de 4ª categoría en Gándara, 2 – Sales (San Fins), coa denominación comercial *O Fogar do Avó* (Expediente municipal número 2022/U020/000001).

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por don Óscar Saavedra Souto do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas de tramitación correspondentes.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

4.1.- Escrito núm. 202299900000150 de Martínez Montes e Hijos, S.L. (Expediente núm. 2022/X002/000001)

Dáse conta do citado escrito no que don Óscar Martínez Pais, en representación de Martínez Montes e Hijos, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución do contrato de *Pavimentación de camiños en Riveira, Cubelas, Rosende e o Francés* (expediente de contratación 2018/C003/00001), incluída no Plan de Mellora de camiños municipais (PMM 2018/2019) por importe de 2.330,00 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta así mesmo do informe favorable da directora da obra, dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

Ao abeiro do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Solicitalle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 391.827,00 euros, co seguinte detalle:

- 1.1.- Persoal: 0.00 euros.
- 1.2.- Mantemento: 16.815,00 euros
- 1.3.- Axuda no fogar:
 - 1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 euros.
 - 1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 375.012,00 euros.
- 1.4.- Xestión de Programas: 0,00
- 1.5 - Investimento: 0,00

SEGUNDO- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

TERCEIRO.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2022 na contía de 547.657,14 euros que supón unha porcentaxe do 44,56% sobre do orzamento total do proxecto.

6º.- Aprobación, se procede, da xustificación e pagamento de subvencións concedidas para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2021.

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 168/2021, de data 24 de marzo, se aprobou a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2021, publicándose o extracto no BOP núm. 59/2021, do 30 de marzo, na páxina web municipal e na sede electrónica

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2021, de acordo coa proposta da comisión avaliadora, en función dos criterios establecidos na base 7ª das reguladoras das citadas subvencións, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2017 e modificadas por acordo plenario do 27 de marzo de 2019 (BOP núm. 77/189, do 24 de abril), acordou a concesión das citadas subvencións.

Rematado o prazo de xustificación establecido na base 13 (do 1-31 de xaneiro de 2022), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os seguintes gastos xustificativos para as subvencións para actividades en tempo e forma:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



SOLICITANTE	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO CIF:G15138050	Escola de Música e Baile Tradicional 2021	2.000,00 €
ASOCIACIÓN RAICEIROS CIF:G15808645	Raiceiros 20 anos	2.000,00 €
ASOC. MEDIOAMBIENTAL DE VEDRA "AMABUL" CIF:G159252209	Escola Ambiental Amabul 2021	2.000,00 €
ANPA VAL DO ULLA DO CRA BOQUEIXÓN-VEDRA "NEIRA VILAS" CIF:G70132188	Maxia e Ciencia 2021	750,00 €
ANPA CEIP ORTIGUEIRA CIF:G15422694	Acamparte 2021	2.000,00 €
ASOC. CULTURAL CRUCEIRO DA ULLA CIF: G15587587	Gundián Vivo 2021	1.000,00 €
TOTAL		9.750,00

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

7º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de febreiro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
63	01/02/2022	Baixa na EIM curso 2021/2022 de ABC
64	01/02/2022	Arquivo expediente da AA.VV San Pedro para obras no local social por non atender requirimento de documentación
65	01/02/2022	Redución intensidade servizo, cambio de copagamento e traslado de domicilio de usuario/a de SAF
66	02/02/2022	Aprobando solicitude de prórroga de operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 500.000 euros co Banco Sabadell, S.A, vinculada ao investimento de Renovación das instalacións de iluminación pública exterior do Concello de Vedra
67	03/02/2022	Requirimento limpeza parcela sita en San Xíán de Sales
68	03/02/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
69	03/02/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
70	03/02/2022	Acordando a non división en lotes da obra de Pavimentación de pistas (POS +2022. Complementario) de acordo coas bases reguladoras do mesmo
71		Arquivo expediente de reposición de legalidade por terse repostado a legalidade vulnerada
72	04/02/2022	Aprobación expediente de contratación da obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns (POS +2021) (Exp. 2022/C003/000001)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



73	04/02/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, do mes de febreiro
74	08/02/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, do mes de febreiro
75	08/02/2022	Autorización conexión coa rede de abastecemento da vivenda núm. 15 de Sete – Santa Cruz de Ribadulla
76	08/02/2022	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 7 de San Gregorio –San Mamede de Ribadulla
77	08/02/2022	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 9 de San Gregorio –San Mamede de Ribadulla
78	08/02/2022	Autorización para acometida e conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 8 de Sales –San Fins
79	08/02/2022	Autorización para acometida e conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 19 de Neira de Arriba – San Mamede de Ribadulla
80	08/02/2022	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 5 de Argunte –San Mamede de Ribadulla
81	08/02/2022	Alta servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 7 da explotación sita en Fufín nº 7 – Vedra
82	08/02/2022	Autorización para acometida e conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 10 de Sete – Santa Cruz de Ribadulla
83	08/02/2022	Autorización para acometida e conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 11 de Reboredo – Ponte Ulla
84	08/02/2022	Autorización para acometida e conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda núm. 7 de Rozadela- San Mamede de Ribadulla
85	08/02/2022	Autorización para conexión á rede de saneamento da vivenda núm. 14 de Fontao – Vedra
86	08/02/2022	Solicitude de participación no Programa da Deputación para o financiamento do gasto do persoal das oficinas de turismo 2022
87	09/02/2022	Adxudicación a Espina y Delfin, S.L da explotación da Edar de Bazar durante o 1º ano de explotación (Exp. 2022/C002/000006)
88	09/02/2022	Concesión axuda de emerxencia social a RTG
89		Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, curso 2021/2022, do mes de xaneiro
90	10/02/2022	Aprobación e orde de pagamento de factura correspondente ao seguro de accidentes da XI BTT cicloturista da Camelia polo Val do Ulla 2022
91	10/02/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade de inglés, do mes de febreiro
92	10/02/2022	Cancelación operación de crédito a curto prazo (póliza) co Banco Sabadell vinculado ao investimento de Renovación das instalacións de alumeadado público exterior do Concello de Vedra (IDAE)
93	10/02/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
94	10/02/2022	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2022
95	11/02/2022	Altas no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo do exercicio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		2022
96	14/02/2022	Adxudicando a CYM Control y Estudios, S.L a asistencia técnica do Plan de control de calidade da obra de Sustitución de la envolvente térmica del Pabellón Polideportivo Municipal de Vedra(Exp. 2022/C002/000004)
97	14/02/2022	Adxudicando a CYM Control y Estudios, S.L a asistencia técnica do Plan de control de calidade da obra de Sustitución de la cubierta y colocación de aislamiento mediante fachada ventilada en la Guardería Municipal (Exp. 2022/C002/000005)
98	14/02/2022	Suspensión temporal praza na EIM, curso 2021/2022 á DCR
99	14/02/2022	Aprobación facturas presentadas a través de FACe o 31/12/2021. Reconeñemento extraxudicial de créditos 1/2022
100	15/02/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ás primas de seguros incluídos na relación de facturas F2022.1
101	15/02/2022	Pago bonos de alimentos a supermercado
102	15/02/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade (VEMN)
103	16/02/2022	Adxudicación prazas vacantes Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso escolar 2021/2022
104	16/02/2022	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2022
105	16/02/2022	Acordando o pagamento de axuda de emerxencia social
106	16/02/2022	Aprobando o Plan de Seguridade e Saúde da obra de Sustitución de cubierta y colocación de aislamiento mediante fachada ventilada en la Guardería Municipal
107	17/02/2022	Solicitud de subvención á Deputación para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022
108	16/02/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
109	16/02/2022	Incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado
110	17/02/2022	Acordo de solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de traballadores desempregados: Protección Civil/Servizos varios e Brigada Verde/Servizos varios
111	17/02/2022	Autorización cesión uso de espazos co Centro de Emprendemento A Estación
112	17/02/2022	Cambio titularidade recibos taxas de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 15 de Laraño –San Xián de Sales
113	17/02/2022	Redución intensidade SAF-Libre concorrencia de DGR
114	21/02/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2022/2 por importe de 86.581,59 euros
115	18/02/2022	Autorización acometidas ao abastecemento municipal na rúa Alcalde Francisco Carrillo (14-19)
116	21/02/2022	Aprobación convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal no exercicio 2022
117	21/02/2022	Aprobación devolución de anticipo concedido polo IDAE para o investimento Renovación das instalacións de iluminación pública exterior no Concello de Vedra por importe de 318.572,67 euros
118	21/02/2022	Aprobación trienios persoal municipal



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



119	22/02/2022	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2021/2022 a USR
120	22/02/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida (EHN)
121	22/02/2022	Pago axuda de emerxencia social EJMT
122	23/02/2022	Acordando solicitar subvención para o proxecto de Mellora de pistas municipais varias (PMM 2022/2023)
123	23/02/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F2022/3 por importe de 9.063,33 euros
124	23/02/2022	Aprobación devolución anticipo percibido en exceso pola Secretaría Xeral de Igualdade
125	23/02/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
126	23/02/2022	Acordando non dividir en lotes a obra de Proxecto construtivo de colectores en Bazar (POS + 2022), de acordo coas bases reguladoras do plan
127	23/02/2022	Adxudicación prazas vacantes no Programa Conxuga, modalidade madrugadores curso 2021/2022 a SCM e ACM
128	24/02/2022	Aprobación nóminas do mes de febreiro
129	25/02/2022	Aprobación solicitude de subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, conxuntamente co Concello de Boqueixón
130	25/02/2022	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 4º trimestre de 2021
131	25/02/2022	Reactivación praza na RIM de APL tras suspensión temporal
132	25/02/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
133	25/02/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade (APL)
134	25/02/2022	Aprobación liquidación do orzamento do exercicio 2021
135	28/02/2022	Baixa no SAF –Libre concorrencia de RCA
136	28/02/2022	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade de ludoteca curso 2021/2022 a TGB
137	28/02/2022	Concesión duplicado de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade á MCP

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida do lixo no Padrón Fiscal do exercicio 2022.

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08/01/2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26/12/2012), e coa formación do Padrón Fiscal do vixente exercicio 2022, polo que respecta ás reducións na aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario (Expdte. Electrónico 2022/X999/000032: XT_Padrón Fiscal taxa recollida de lixo exercicio 2022 – Reducións na cota tributaria).

Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos Servizos Sociais Municipais para o recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria aos contribuíntes, propietarios de vivendas, identificados e relacionados no Anexo que obra no expediente, previa solicitude por parte dos mesmos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



No expediente constan os seguintes informes favorables:

* O informe da Traballadora Social, do 28/02/2022, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren os requisitos esixidos no artigo 8.1 da Ordenanza, dado que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente, correspondéndolle a cada un dos titulares relacionados unha redución do 50% (12 contribuíntes) ou do 100% (1 contribuínte) da cota tributaria, segundo a condición que ostentan.

* O preceptivo informe da Secretaría-Intervención, de data 16/03/2022, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e demais obrigas tributarias municipais e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal (476,00 euros), no suposto do recoñecemento das reducións solicitadas.

Visto o expediente; en función dos citados informes, da proposta de Secretaría formulada con data 16/03/2022 e da delegación feita polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 18/02/2015, en relación co establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Que se recoñeza o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes, que ascenden a un total de trece.

2º.- Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2022, a liquidación correspondente a cada unha das 13 vivendas que se relacionan no Anexo citado se practique polo importe de 34 euros (no caso de 12 vivendas) e de cero euros (no caso de 1 vivenda); o que supón a redución do cincuenta ou do cen por cento da cota tributaria anual vixente de 68 euros por vivenda, así como unha minoración no importe total do citado padrón fiscal que ascende á cantidade de 476,00 euros.

ANEXO

Solicitante e titular da vivenda NIF	Porcentaxe da redución
C. M. L. ****265-Q	50 %
L. S. M. ****033-S	50 %
G. C. V. ****462-Y	50 %
S. A. P. ****759-A	50 %
M. E. L. ****729-H	50 %
J. C. C. ****847-F	50 %
N. J. L. V. ****260-X	50 %
R. F. F. ****271-N	50 %
M. T. C. R. ****201-W	50 %
Mª V. F. C. ****049-P	50 %
M. D. C. I. N. ****889-C	50 %
N. A. A. ****111-J	50 %
M. C. C. ****872-V	100 %

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.